

# NEGOCIACIÓN POR UNHA CARREIRA PROFESIONAL DIGNA

*Na última reunión da mesa negociadora da carreira profesional, celebrada o día 12 de maio, o Sergas presentou un novo documento para regular a Carreira Profesional de ATS/DUE e demais diplomaturas sanitarias. Pretende pechar a negociación na próxima reunión. Non estamos de acordo nin coa proposta nin coa dinámica negociadora.*

## Principais características do **novo borrador do SERGAS** :

1. Establece as bases do **sistema ordinario e definitivo** de Carreira e establece asimesmo as condicións de **acceso transitorio** para o persoal fixo actual.
2. **Mantén a oferta retributiva** para o Complemento de Carreira, nos 1.800 euros anuais (150 mensuais) por cada Grao (7.200 en total). Ese incremento, de todas formas, queren facelo de forma gradual comezando en 2006 por 1650 euros para chegar aos 1800 en 2010.
3. Mantén a proposta de iniciar o pago do Grao I para o persoal fixo actual con **efectos de xullo de 2006** e para o persoal da OPE extra **en xullo de 2007**. Propoñen como forma de abono para este ano realizar un pago único de 825 euros (6 meses) na nómina de setembro/octubro, en lugar de pagar cada mes a parte correspondente (137'50).

## ¿Cal é a **opinión de CIG-SAÚDE** respecto desta nova situación da negociación?:

1. Falar xa do **sistema definitivo de Carreira** é unha boa noticia, pero o documento é absolutamente xenérico, sen concretar nin datas de entrada en vigor, nin criterios básicos de avaliación. Exclue ademáis colectivos enteiros do acceso á Carreira. Para nós **é imprescindible** que todo o persoal fixo, independentemente do seu réxime xurídico, poda acceder ao sistema de recoñecemento profesional que representa a CP, e que o persoal interino poda acceder ao sistema de avaliación, consolidando o complemento que corresponda unha vez acceda á praza fixa.
2. A oferta retributiva sigue sendo totalmente insuficiente. Pretendemos que a **retribución da CP** non sirva para ensanchar as actuais diferenzas retributivas entre grupos. Sendo o 73% a relación entre os grupos A e B, o Complemento de Carreira tería que achegarse ao entorno dos **2.200 euros/ano**.
3. O **sistema de avaliación** ten que **concretarse**, tanto para o réxime transitorio de acceso como para o sistema definitivo.
4. O **réxime transitorio** ten que igualar as datas de efectos para todo o persoal fixo, e ten que incluír ademáis o dereito de acceso de todos os colectivos (estatutarios, funcionarios e laborais).
5. Si non hai cambios importantes na oferta do Sergas na **próxima reunión**, prevista para o día 24, haberá conflito, pero agora...

**FOLGA DO SATSE?  
NON, GRACIÑAS**  
POR OPORTUNISTA  
POR UNILATERAL  
POR AMBIGUA